

# ORIENTACIÓNS PARA O TRABALLO

(SEMANA DO 31 DE XANEIRO - 4 DE FEBREIRO DO 2022)

QUERIDAS FAMILIAS, ESTA SEMANA ENVÍOVOS O SEGUINTE MATERIAL PARA TRABALLAR NA CASA:

**LÓXICA-MATEMÁTICA**: PROPÓÑOVOS QUE ANTES DE FACER A FICHA COLLADES A ROUPA DE INVERNO QUE TEÑADES POLA CASA (GORROS, BUFANDAS, ABRIGOS, PARAUGAS,...) E XOGUEDES CON ELES A CONTALA (CANTAS PEZAS TEDES DE CADA, FACENDO CONXUNTOS E VENDO EN QUE MONTÓN HAI MAIS E EN CAL HAI MENOS, E AO FINAL, CONTAR CANTAS PEZAS HAI EN TOTAL.) DESPOIS NA FICHA TERÁN QUE VER O NÚMERO E PINTAR AS PEZAS QUE LLE INDICA EN CADA CASO.

**LECTO-ESCRITURA**: ANTES DE FACER A FICHA PODEDES COLLER UN PRATO OU UNHA BANDEXA E BOTARLE AZUCRE OU SAL. OS NENOS DEBERÁN FACER AS VOGAIS CO DEDO POR ENCIMA DE FORMA QUE QUEDEN MARCADAS (PODEN FACER O MESMO CAS LETRAS DO SEU NOME).

**NOTA**: SE PODEN ESCRIBIR O NOME SÓS MELLOR, E SENON SE LEMBRAN DE TODAS AS LETRAS, ESCRIBÍDELLO NUN PAPEL PARA QUE O VAIAN COPIANDO. (NON TEÑEN QUE FACELO PERFECTO, O IMPORTANTE E QUE O FAGAN).

TAMÉN VOS ENVÍO OUTROS XOGOS INTERACTIVOS PARA QUE REPASEN O TRABALLO DA CLASE, E OS ENLACES DUN CONTO E UNHAS CANCIÓNS.

SE TEDES ALGUNHA DÚBIDA PODEDES CONSULTARME O QUE PRECISEDES.

ESPERO QUE VOS MELLOREDES TOD@S MOI PRONTO!!

UN SAÚDO DA PROFE: ELENA

